



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

**Xuño 2017**


Santiago de Compostela, 04 de agosto de 2017

**Instituto Galego de Estatística**  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2017

- O índice de producción industrial de Galicia rexistrou en xuño de 2017 un incremento do 7,5% con respecto a xuño de 2016, mentres que a nivel nacional o crecemento foi inferior, 3,5%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, todos creceron: os bens de consumo un 3,6%, os bens de equipo un 4,4%, os bens intermedios un 9,0% e a enerxía un 15,0%.
- Por ramas de actividade as maiores achegas positivas corresponden ao “fornecemento de enerxía eléctrica” que achega 2,2 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que suma 1,5 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,4 puntos.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destaca a “fabricación doutro material de transporte”, que resta 1,4 puntos á taxa interanual.

### Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2017

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos compoñentes en %	Índice	VARIACIÓNS (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	<b>Xeral</b>	104,0	7,5	-0,7
	<b>Bens de consumo</b>	119,2	3,6	5,2
	<b>Bens de equipo</b>	80,5	4,4	-1,9
	<b>Bens intermedios</b>	110,6	9,0	3,4
	<b>Enerxía</b>	113,4	15,0	-12,4

## 1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xuño de 2017 en Galicia acadou unha taxa interanual do 7,5%, mellorando en 1,6 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (5,8%). En España rexistrouse un avance do 3,5%, empeorando en 1,4 puntos a taxa acadada no mes anterior (4,9%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 3,6%, o que suma 1,0 puntos á taxa interanual do conxunto.
- Os **bens de equipo** rexistran un avance do 4,4%, o que achega 1,1 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** creceron un 9,0% cunha repercusión positiva de 2,7 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que sube un 15,0% e suma 2,7 puntos á taxa de variación interanual.

Comparando cos crecementos interanuais de maio de 2017, por destino económico, os bens de consumo empeoran 6,4 puntos, os bens de equipo empeoran 3,2 puntos, os bens intermedios melloran 2,0 puntos e a enerxía mellora 20,1 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

## 2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa interanual de xuño foron: o “fornecemento de enerxía eléctrica” que achega 2,2 puntos, a “fabricación de vehículos de motor” que suma 1,5 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que suma 1,4 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas (1,7 puntos) de 9 ramas, a máis salientable é a “fabricación doutro material de transporte”, que resta 1,4 puntos á taxa interanual.

### 3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes moveuse entre o 13,7% de Asturias e o -6,0% de La Rioja. Ademais de Asturias, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Murcia (11,9%), Cantabria (7,8%), Galicia (7,5%), Aragón (7,4%), Illes Balears (5,2%), País Vasco (3,8%) e Madrid (3,6%).

#### IPI xuño 2017 Taxas de variación en %



#### 4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



#### Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

## Anexo cadros

**Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xuño 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>					
Xeral	104,0	7,5	-0,7	--	--
Bens de consumo	119,2	3,6	5,2	1,0	1,4
Bens de equipo	80,5	4,4	-1,9	1,1	-0,4
Bens intermedios	110,6	9,0	3,4	2,7	1,0
Enerxía	113,4	15,0	-12,4	2,7	-2,7
<b>España</b>					
Xeral	106,2	3,5	2,0	--	--
Bens de consumo	102,3	1,5	0,9	0,4	0,3
Bens de equipo	115,8	2,5	0,8	0,6	0,2
Bens intermedios	106,6	4,7	4,2	1,5	1,4
Enerxía	100,7	5,5	1,3	1,0	0,2

Fonte: INE

**Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xuño 2017**

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
<b>Total</b>	<b>7,5</b>		<b>-0,7</b>		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	15,8	2,2	-16,3	-3,0	14,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	11,6	1,5	0,6	0,1	11,4
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	17,6	1,4	11,4	0,9	8,7
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	17,9	0,9	16,2	0,7	3,8
Industria da alimentación	3,5	0,5	1,8	0,3	12,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	10,1	0,4	2,5	0,1	3,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	7,8	0,4	1,4	0,1	5,0
Industria química	17,1	0,3	6,4	0,1	1,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	13,8	0,2	32,4	0,4	2,1
Outras industrias manufactureiras	31,6	0,2	7,6	0,0	0,4
Fabricación de material e equipamento eléctrico	19,7	0,2	3,9	0,0	1,2
Fabricación de mobles	7,9	0,1	6,7	0,1	1,6
Industria téxtil	47,2	0,1	13,9	0,0	0,2
Industria do papel	4,5	0,1	2,8	0,1	1,8
Confección de roupa de vestir	-0,1	0,0	12,5	0,7	5,3
Fabricación de bebidas	-0,2	0,0	5,2	0,2	3,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-0,4	0,0	-4,3	-0,2	4,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-1,4	0,0	0,0	0,0	3,2
Outras industrias extractivas	-3,9	0,0	-12,3	-0,1	1,7
Fabricación doutro material de transporte	-39,3	-1,4	-40,3	-1,4	6,7
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(\*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

**Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xuño 2017**

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>España</b>	<b>106,2</b>	<b>3,5</b>	<b>2,0</b>
Galicia	104,0	7,5	-0,7
Andalucía	101,8	2,4	3,7
Aragón	109,9	7,4	2,6
Asturias	99,5	13,7	6,9
Baleares (Illes)	106,0	5,2	4,2
Canarias	95,6	0,4	0,5
Cantabria	103,1	7,8	6,3
Castilla - La Mancha	97,9	-1,7	2,2
Castilla y León	97,9	0,1	-5,8
Cataluña	112,3	2,7	2,8
Comunitat Valenciana	122,3	3,4	3,0
Extremadura	88,0	-2,1	3,5
Madrid	96,2	3,6	0,9
Murcia	104,1	11,9	7,5
Navarra	111,5	0,9	2,8
País Vasco	106,0	3,8	2,3
Rioja (La)	89,9	-6,0	-6,8

Fonte: INE